

MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO ENTRE A XUNTA DE GALICIA, O CONCELLO DA CORUÑA E A ENTIDADE PÚBLICA EMPRESARIAL ADMINISTRADOR DE INFRAESTRUTURAS FERROVIARIAS (ADIF), PARA A EXECUCIÓN DA TERMINAL DE AUTOBUSES, O APARCADOIRO DE TURISMOS E OS ELEMENTOS COMÚNS DA REMODELACIÓN DA ESTACIÓN FERROVIARIA NA SÚA INTEGRACIÓN NUNHA ÁREA DE INTERMODALIDADE DE TRANSPORTE DE VIAXEIROS NA CORUÑA - SAN CRISTÓBAL. PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA – FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA – NEXT GENERATION EU

1. ANTECEDENTES

O 25 de maio de 2021 asinouse o Convenio entre o Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, a Xunta de Galicia, o Concello da Coruña e a entidade pública empresarial Administrador de Infraestruturas Ferroviarias (ADIF), para o desenvolvemento dunha área de intermodalidade de transporte de viaxeiros na Coruña - San Cristóbal e a súa contorna urbana.

Este Convenio tiña como finalidade, establecer o marco xeral de colaboración entre o Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, ambas da Xunta de Galicia, o Concello da Coruña e o ADIF para a execución e desenvolvemento da nova Área Intermodal da Coruña-San Cristóbal, configurándose un nó de intercambio modal con outros medios de transporte de viaxeiros.

Entre as actuacións contempladas neste convenio estaba a execución da nova estación de autobuses e a remodelación da estación ferroviaria da Coruña-San Cristóbal

En cumprimento deste compromiso, a Consellería redactou o “Proxecto Básico da Terminal de Autobuses Integrada na área Intermodal da Coruña-San Cristóbal” e iniciou a súa tramitación ao amparo da Lei 3/2016, do 1 de marzo, de medidas urxentes en materia de proxectos públicos de urxencia ou excepcional interese.



Finalizada a tramitación pertinente, o 11 de febreiro de 2021, o proxecto foi aprobado polo Consello da Xunta de Galicia.

En cumprimento dos seus compromisos. ADIF redactou o "Proxecto de Elementos comúns da remodelación da Estación A Coruña – San Cristóbal e a Terminal de Autobuses"

2. RAZÓNS DE OPORTUNIDADE E XUSTIFICACIÓN DA NON CONCORRENCIA

A cláusula décima do Convenio establecía que *"Os acordos incluídos no presente Convenio requirirán, para a súa execución, os correspondentes convenios de desenvolvemento (...), que se subscribirán, previa a tramitación necesaria no seu caso, entre as entidades intervenientes, no prazo máximo dun ano susceptible de prórroga por idéntico prazo.*

En todo caso, para a tramitación e formalización das achegas económicas das Administracións e entidade pública asinantes, unha vez coñecidos con exactitude os custos da actuación, procederase a subscribir un Convenio de acordo coa lexislación vixente na materia que comprenderá as obrigas que financeiramente deban asumir as respectivas Administracións e entidade pública intervenientes e as súas contra-prestacións."

Neste contexto, este convenio responde á necesidade de facilitar a coordinación das tres Administracións intervenientes para promover a utilización do transporte público e a mobilidade sustentable, a través de medidas e actuacións destinadas a alcanzar a intermodalidade entre transporte público de viaxeiros en autobús e en ferrocarril, facilitando así os desprazamentos entre a orixe e o destino final do usuario.

3. OBXECTIVOS QUE SE PRETENDEN

Este convenio ten por obxecto establecer e concretar o réxime de colaboración entre a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, o Concello da Coruña e ADIF, para levar a cabo as seguintes actuacións:

- Construción do proxecto denominado "Elementos comúns da remodelación da Estación A Coruña – San Cristóbal e a Terminal de Autobuses".
- Construción e explotación da obra da Terminal de Autobuses Integrada na área Intermodal da Coruña-San Cristóbal.



4. ESTIMACIÓN DE COSTOS E FINANCIAMENTO

Son obxecto do financiamento os contratos de obra e os contratos de asistencia técnica para as obras.

O **custo total estimado** das actuacións obxecto deste Convenio é de **CORENTA E TRES MILLÓNS DOUSCENTOS CATRO MIL OITOCENTOS CATRO EUROS CON OITENTA E OITO CÉNTIMOS (43.204.804,88 €)** (I.V.E. Incluído).

Este custo estimado engloba o custo das obras dos dous proxectos obxecto deste convenio incrementado nun 6% en concepto de asistencias técnicas á execución da obra.

O custo desagregado por proxectos, incluíndo as asistencias técnicas á execución da obra, segundo detállase nas táboas do ANEXO I é o seguinte:

PROXECTO	Custo estimado (€)
"Elementos comúns da remodelación da Estación A Coruña – San Cristóbal e a Terminal de Autobuses"	10.758.503,60 €
"Terminal de Autobuses Integrada en el Área Intermodal de A Coruña-San Cristóbal"	32.446.301,28 €

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade será a encargada de executar ambos os proxectos que se cofinanciarán da seguinte forma:

Proxecto de elementos comúns:

	% FINANCIAMENTO
ADIF	80%
CONCELLO DA CORUÑA	10%
XUNTA DE GALICIA	10%

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade financiará **1.075.850,36 €** deste proxecto con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia, na aplicación orzamentaria 09 02 512A 600.0 cofinanciado polo PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA.

Ano 2022	Ano 2023	Ano 2024
268.962,59 €	753.095,25 €	53.792,52 €



Proxecto da terminal de autobuses:

	% FINANCIAMENTO
XUNTA DE GALICIA	60%
CONCELLO DA CORUÑA	40%

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade financiará **19.467.780,77 €** deste proxecto con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia, na aplicación orzamentaria 09 02 512A 600.0 cofinanciado polo PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA, repartido da seguinte forma:

Ano 2022	Ano 2023	Ano 2024	Ano 2025
778.711,23 €	4.866.945,19 €	8.760.501,35 €	5.061.623,00 €

Santiago de Compostela

O director xeral de Mobilidade

Ignacio Maestro Saavedra
(Asinado dixitalmente)

